

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 16 DE DECEMBRO DE 2008

### OCIHR

#### LICENZAS.-

**LIC/1334/2007.- PROMOCIONES FERNÁNDEZ Y TABOADA.-** Rehabilitación de edificio de vivendas e local comercial na rua Fonte de Santo Antonio nº 9

#### **5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse 31 axudas para os conceptos de aluguer, manutención e gastos excepcionais por un importe total de 25.420,54 euros.

#### **6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse 14 axudas inicialmente por importe de 81.822,47 euros financiadas pola 8ª fase do Convenio entre a Consellaría de Vivenda, o Ministerio de Vivenda e o Concello e outras 45 por importe de 302.761,19 financiadas pola 9ª fase.

#### **7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de recursos de reposición e corrección de erros do acordo de concesión de axudas sociais a persoal municipal.**

Rexéitase un recurso e estímase outro.

#### **8.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á reclamación contra a asignación de complemento de produtividade correspondente ao primeiro semestre de 2008.**

Estímase o recurso.

#### **9.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.**

Apróbase o devandito aboamento pola cantidade de 42.284 euros.

#### **10.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa aos novos alugueres de locais na rúa Galeras.**

Apróbase a revisión dos alugueres dos 5 locais das rúas Galeras e Salvador Allende por un importe global de 4.200 euros/mes.

#### **11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo para dar conta dos premios outorgados dentro do programa I Concurso Catálogo de promoción comercial de Compostela e aprobación do seu pagamento.**

Dáse conta dos premiados e apróbase o pagamento global de 18.500 euros.

#### **12.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación das bases e procedemento para a selección de alumnado do proxecto "Persoa IV".**

Apróbanse as bases e o procedemento para a selección de alumnado do proxecto "Persoa IV". Ofértanse 120 prazas distribuídas en varias especialidades como dirección e xestión de centros de atención a maiores, especialista en atención ás persoas maiores e discapacitados, especialista en mediación familiar e socioeducativa na resolución de conflitos, experto en envellecemento activo, etc.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Turismo relativa á aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín para realizar proxectos culturais no ano 2008.**

Apróbase e xustifícase á Fundación Caixa Galicia a execución dos gastos do Fórum Gastronómico por 30.000 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa a aprobación da realización de actividade e orzamento da xornada de sensibilización da campaña "Stop ao tráfico dos nenos e nenas".**

Apróbase a actividade e un orzamento de 1.128,98 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da xustificación de gastos do convenio co IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional. Ano 2008.**

Apróbase a xustificación dos gastos que presenta o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional. O Concello achega para este fin 13.042 euros.

**16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do documento refundido do proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.**

Apróbase o documento refundido do proxecto de compensación do SUNP-25 presentado pola Xunta de Compensación o 26 de novembro de 2008, que integra as modificacións resultantes do acordo de aprobación definitiva adoptado pola Xunta de Goberno Local o 14 de xullo de 2008.

**17.- Proposta da Alcaldía relativa a distribución de fondos do PLAN DE INVESTIMENTOS DO ESTADO.**

Apróbase provisionalmente a relación de proxectos de competencia municipal que se van acoller a este fondo.

**18.- Nomeamento de rúas.**

Acórdase asignar o nome de Asís, Le Puy-en-Velay e Santiago do Caçem a tres rúas do SUNP-31 de San Marcos.

**19.- Dar conta da concesión dunha axuda pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

Dáse conta dunha subvención por importe de 8.000 euros.

**20.- Dar conta da sinatura do acordo da Comisión Bilateral relativa á Área de Urbanización Prioritaria de Solo "SUNP-11 Castiñeiriño". Plan de vivenda 2005-2008. Programa 2007-2008.**

Dáse conta da sinatura.

**21.- Dar conta da sinatura do acordo da Comisión Bilateral relativa á Área de Urbanización Prioritaria de Solo "SUNP-14 Tras Paxonal". Plan de vivenda 2005-2008. Programa 2007-2008.**

Dáse conta da sinatura.

**22.- Dar conta da sinatura do acordo da Comisión Bilateral relativa á Área de Rehabilitación Integral do Polígono de Vista Alegre, 3ª Fase. Plan de Vivenda 2005-2008. Programa 2007-2008.**

Dáse conta da sinatura.

**23.- Dar conta da sinatura do acordo da comisión Bilateral relativa á Área de Rehabilitación do Casco Histórico, 10ª fase. Plan de Vivenda 2005-2008. Programa 2007-2008.**

Dáse conta da sinatura.

**URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prorroga do contrato de aluguer do local sito na r/ dos Basquiños,núm.9,para uso do centro social da Almaciga.**

Prorrógase por un ano o contrato de aluguer do local da rúa dos Basquiños nº 9 para Centro Social da Almaciga e revísase o importe que queda fixado en 556,98 euros/mes.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á renovación de contratos do persoal do CSC do Ensanche.**

Renóvase o contrato a seis traballadores do CSC do Ensanche, que se financia con cargo ao convenio asinado coa Deputación da Coruña para tal efecto.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á sinatura do convenio para o plan e mellora da calidade asistencial do PGD.**

Acórdase a sinatura do convenio para o plan e mellora da calidade asistencial do Plan Galego de Drogas. A Consellería de Sanidade aboará a cantidade de 11.402 euros.

**4.- Adxudicación provisional da xestión das escolas municipais infantís de Conxo e Fontiñas.**

Adxudícase provisionalmente o serviz á empresa SERMASA, por importe de 162.903,36 euros (Conxo) e 172.877,31 euros (Fontiñas).